



ASINADO POR

Concelleira delegada de RRHH e Réxime Interior
(Resolución nº2104 de 24.10.2025 de modificación
do organigrama)
Marta María Figueroa Fuentes
09/01/2026



NIF: P1503100H

ANUNCIO de convocatoria para a atribución de funcións de carácter voluntario, do posto de xefe da policía local

Estando sen ocupar o posto de xefe da policía local e sendo necesario a súa cobertura polas funcións propias e específicas do posto, pola concelleira de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior ditouse providencia de inicio de expediente para a atribución de funcións de carácter voluntario, do posto de xefe da policía local.

Polo exposto, CONVÓCASE a provisión por atribución de funcións de carácter temporal e voluntario do posto de xefe da policía local.

Para participar na presente convocatoria será necesario ter a condición de persoal funcionario de carreira pertencente á escala de administración especial, policía local, inspector, grupo A2, ou oficial, grupo C1 do Concello de Culleredo.

O posto de xefe da policía local ten recoñecido na relación de postos de traballo un complemento de destino 26 e un complemento específico de 245 puntos e unha dedicación preferente e esporádica.

As funcións do posto son:

Atendendo ás directrices que se lle marquen, de acordo coa organización do traballo a realizar polo servizo ao que está adscrito, asumirá as competencias e responsabilidades derivadas das funcións que con carácter enunciativo e non limitativo se describen:

- Representar tecnicamente ao servizo
- Exercer o mando operativo e a supervisión das tarefas executivas da policía local.
- Dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos do corpo, así como as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións.
- Avaliar as necesidades de recursos humanos e materiais e formular as correspondentes propostas.
- Transformar en ordes concretas as directrices recibidas do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado.
- Informar ao alcalde/sa ou concelleiro/a delegado, do funcionamento do servizo e do cumprimento dos obxectivos e ordes recibidas.
- Cumprir calquera outra función que lle atribúa o regulamento do corpo da Policía local.
- Planificar, dirixir e coordinar as actuacións do persoal do servizo.
- Organizar e supervisar cadros de vacacións e permisos do persoal do servizo.
- Elaborar informes, estudos, memorias e estatísticas sobre temas do servizo.

Os interesados en tomar parte nesta convocatoria terán que facelo constar en instancia xeral. Coa instancia deberá achegarse cantos méritos estime poñer de manifesto e documentos acreditativos dos mesmos.

A concelleira de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior emitirá informe-proposta baseado en criterios de capacidade, preparación e idoneidade dos candidatos para atribución das funcións do posto.

Sobre a base deste informe polo Sr. Alcalde se resolverá a atribución.

A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para a presentación das solicitudes será de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web e no taboleiro oficial do Concello.

Culleredo, á data da sinatura dixital
A concelleira delegada de Cohesión Social,
Recursos Humanos e Réxime Interior
P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023
(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

